

«A opción galega era a eólica pero estragouse a ocasión»

Entrevista | Xavier Labandeira-Villot

O profesor da Universidade de Vigo recorda que «levamos dende 1996 avisando do que ía pasar, sen que nin as industrias nin os gobernos fixeran nada por evitar o problema»

m. v. s. | vigo

Profesor de economía aplicada da Universidade de Vigo,



M. MORALEJO

Xavier Labandeira forma parte do grupo de investigadores

españóis en economía medioambiental con maior reputación internacional. Labandeira considera que as térmicas de Meirama e As Pontes contaminan demasiado porque os seus propietarios non investiron en reformalas. Asegura que Kioto é a grande oportunidade para o desenvolvemento dunha industria verde alternativa: a enerxía eólica. «Era a opción. É a oportunidade estragada, porque non se pechou aquí o ciclo do vento: a tecnoloxía ven de fóra e a explotación do recurso tamén». **-¿É xusto o reparto de CO2 para Galicia?** -Dende o punto de vista da equidade, non. As autonomías pobres imos sufrir máis este tipo de medidas por como está deseñado Kioto na UE e en España. Máis non debemos separar equidade de eficiencia: aquí hai unha actividade económica (as térmicas de carbón galego) que xenera un deterioro medioambiental sen nengún tipo de compensación económica para a sociedade.

-As térmicas de carbón caben, pero con menor peso no aparato xenerador. A aplicación de Kioto apunta a centrais máis avanzadas das que temos en Galicia. O problema é que nós levamos dende 1996 decindo que había que facer algo. E non se fixo nada, nin en España nin en Galicia. **-¿Hai negocios alternativos que xurdan de Kioto?** -Claro, aquí era de caixón. A industria alternativa era a eólica. Pero tamén estamos perdendo ese tren, porque non pechamos o ciclo do vento en Galicia. A tecnoloxía ven de fóra e a explotación dos parques eólicos, tamén. Esa era a aposta galega, a que nos permitiría gañar unha industria alternativa e obter un saldo económico positivo da aplicación do Protocolo de Kioto. **-Pero, ¿non habería que defender o que temos?** -Estamos sostendo o debate dos perdedores: pedindo por unha industria obsoleta en lugar de apostar por unha nova. É un debate de país pouco desenvolvido. É certo, por exemplo, que Galicia pode presentar como sumidoiros os seus bosques, e descontar con eso emisións de CO2. Pero, en todo caso, eses dereitos non van ser para Endesa, serán para os propietarios deses bosques. **-¿Vostede defende unha reforma fiscal verde?** -Nos fixemos un traballo de investigación que constata que un sistema fiscal que grave os gases de efecto invernadoiro e estimule outras actividades xeneraría ganancias para a economía española, mesmo para as autonomías menos desenvolvidas.

registrada o transmitida por un sistema de recuperación de información, ni tratada o explotada por ningún medio o sistema, sea mecánico, fotoquímico, electrónico, magnético, electro óptico, de fotocopia o cualquier otro en general. M de A Coruña en el Tomo 2.438 del Archivo, Sección General, al folio 92, hoja C-2141. CIF: A 1500649

© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A. Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España) RM de A Coruña: tomo 2413, folio 84, hoja C-12502. CIF: B-15.482.177